

ORDENANZA REGULADORA DE VENDA AMBULANTE

PREÁMBULO

A Lei de bases de réxime Local, do 2 de abril de 1985, atribue ós Concellos no seu art. 25.2. g) competencias en materia de abastos, matadoiros, mercados e defensa de consumidores.

O Art. 4 da referida Lei outórgalles as entidades Locais potestade regulamentaria na esfera das súas competencias.

Considerando que a venda ambulante pretende o abastecemento da poboación que, polas malas comunicacións e dispersión dos núcleos de poboamento teñen dificultades para o suministro de determinados produtos e se a esta circunstancia se engade o envellecemento da poboación, o Concello considera a conveniencia de regular, en exercicio desas competencias e respetando a normativa derivada da Lei 10/1988, do 20 de Xulio, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia e do Real Decreto 1010/1985, do 5 de Xuño, do regulamento de determinadas modalidades de venda fóra dun establecemento comercial permanente, as actividades de venda ambulante en todo o territorio municipal a través da presente Ordenanza, tendo en conta o artigo 24 da devandita orde onde se indican os aspectos que se deben ter en conta:

- A) Nivel de equipamento comercial da zona.
- B) Densidade de tráfico e circulación.
- C) Acceso a locais comerciais ou industriais, ós seus escaparates ou exposicións.
- D) Acceso ós edificios de uso público.
- E) Condicións para garanti-la debida sanidade e hixiene.
- F) Interese dos consumidores.
- G) Tradición e raigame no Concello deste modo de venda.

TITULO 1º

Art. 1º. Normas de carácter xeral:

Esta Ordenanza ten como obxeto regula-las condicións e requisitos que se deben cumprir para o exercicio de actividades comerciais fóra de locais específicos, nas seguintes modalidades:

- a) Vendas ambulantes realizadas en mercados periódicos.
- b) Vendas ambulantes mediante camións en vehículos – tenda.

Art. 2º. Queda prohibido en todo o Municipio o exercicio da venda ambulante calquera que sexa a súa modalidade, sen a autorización Municipal regulada nesta Ordenanza.

Art. 3º. Será competencia do Alcalde do Concello a autorización da venda ambulante en calquera das modalidades presentes nesta Ordenanza, mediante Decreto que será notificado ó Pleno do Concello na primeira Sesión seguinte que se celebre con posterioridade a data de autorización.

Art. 4º. Poderán optar a concesión das autorizacións ou licencias municipais tódalas persoas, maiores de idade que cupran os requisitos que se sinalan nesta ordenanza e no caso de extranxeiros, deberán acreditar o cumprimento da normativa específica vixente: permisos de traballo e de residencia extendidos polos organismos competentes.

Art. 5º. As licencias serán persoais e intransferibles, os seus titulares serán exclusivamente persoas físicas e serán concedidas por prazo determinado, que en ningún caso excederá dun ano.

Art. 6º. Non poderán ser obxecto de comercio os produtos que prohibe a normativa reguladora, nos termos do art. 8 do Real Decreto 1010/1985,

No obstante permitirase a venda deses produtos, cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña de instalacións frigoríficas adecuadas e os produtos estén debidamente envasados.

Art. 7º. Venda ambulante en mercados periódicos.

A Venda ambulante terá lugar, seguindo a tradición local, os días 9, 17 e 29 de cada mes, nas rúas da Veiga.

Os días 9-17 e 29 que sexan festivos, a feira terá lugar o día seguinte non festivo

Art. 8º. En ningún caso se permitirá instalar postos en beirarrúas que estorben ou dificulten o paso a locais comerciais, ou diante das súas vitrinas, nin nos accesos a edificios, públicos ou privados, nin en lugares nas que se dificulte o tránsito de vehículos ou persoas.

Art. 9º. Documentación e Procedemento.

A solicitude de licenza para o exercicio da venda ambulante deberá ser presentada no Rexistro do Concello de A Veiga, xunto coa seguinte documentación, en orixinais ou copias compulsadas:

- ✓ DNI
- ✓ Xustificante de alta na Seguridade Social, ou de estar ó día no pagamento de cuotas.
- ✓ Xustificante de alta na matrícula do I.A.E e de estar o día no pagamento de cuotas.
- ✓ Xustificante de reuni-los requisitos esixidos pola normativa específica dos produtos alimentarios e das condicións hixiénicas – sanitarias mínimas esixibles.
- ✓ Tempo polo que se solicita o permiso.
- ✓ Mercadorías que vaían vender e metros cuadrados que se pretenden ocupar.

Art. 10º. As licencias serán estendidas tan pronto coma se xustifique o ingreso na Tesourería Municipal da matrícula correspondente segundo a Ordenanza Fiscal de aplicación, e na que han de constar:

- Nome e apelidos do titular, nº DNI ou pasaporte.
- Enderezo.
- Fotografía
- Mercadoría
- Periodo de vixencia.

Estas referencias deberán estar a vista, xunto co nº de posto de venda asignado.

Art. 11º. Faltas e sancións.

1. Serán faltas leves:

1º.- Producir ruidos, proferir gritos ou emitir música que incumpran as normas vixentes en materia de ruidos e vibracións.

2º. – A falta de limpeza no posto e zona circundante durante o exercicio da actividade e ó finalizar esta.

2. Serán faltas graves:

1º.- A reiteración por dúas veces de faltas de carácter leve.

2º.- O incumprimento das normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos auxiliares.

3º.- A venda de produtos para os que non estivera autorizado.

4º.- A instalación do posto en lugar diferente do autorizado.

5º.- Ocupar repetidamente, polo menos dúas veces, superficie superior a autorizada.

6º.- Pasar ou transmitir-la licenza sen cumprir previamente os trámites que procedan.

7º.- O non pagamento das cotas correspondentes ó Concello.

3. Serán faltas moi graves:

1º.- O exercicio da venda ambulante sen os preceptivos permisos de traballo ou de residencia para os non pertencentes a Unión Europea.

2º.- O exercicio da venda ambulante sen contar oca preceptiva licenza municipal.

3º.- A venda de produtos alimentarios en mal estado e con evidentes riscos de prexuízo para a saúde.

4º.- Discutir, pelexar ou orixinar altercados con demais vendedores ou con elementos do público, alterando a orden pública.

5º.- As ofensas de palabra ou obra ós corporativos, axentes da autoridade ou funcionarios delegados.

6º.- Ter sido sancionado por dúas faltas graves de modo consecutivo.

Art. 12. Previa a tramitación do correspondente expediente, coas debidas garantías, e nos casos en que os vendedores ambulantes cometan as faltas que se contén no artigo anterior, o Sr. Presidente do Concello poderá aplica-lo réxime sancionador que de seguido se detalla:

- Faltas leves: multa, como mínimo de 5.000 e máximo de 15.000 ptas.
- Faltas graves: multa, como mínimo de 15.001 e máximo de 25.000 ptas., podendo tamén ser decretado suspender temporalmente a licenza concedida.
- Faltas moi graves: suspensión definitiva da licenza municipal.

Disposicións Transitorias

1ª. Para ocupa-los postos terán preferencia os vendedores que na actualidade, e desde hai xa anos, exercen as súas actividades comerciais nas zonas tradicionalmente ocupadas polo mercado os días de feira e en vehículos-tenda.

2ª. Con carácter xeral fíxase un prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta ordenanza para adaptarse ós condicionados que nela se establecen.

Disposicións Finais.

1ª. As resolucións dictadas pola Presidencia en aplicación desta ordenanza porán sempre fin á vía administrativa, e contra elas caberá interpo-los recursos previstos na normativa en vigor sobre a xurisdicción contencioso-administrativa.

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada polo Pleno municipal e cando o texto completo sexa publicado no BOP e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Data publicación definitiva : 3-10-2001 Doga nº 228